

# O FARELO

nº 36

XANEIRO '10  
SEGUNDA ETAPA

REVISTA DE HUMOR QUE RABEA POR PENEIRAR



XACUÍN MARÍN



RAÚL DE LA NUEZ

# Venturoso 2010!!!


xosé\_manuel

POIS ESTOU MOI ORGULLOSO DE "NON  
DAR UNHA A DEREITAS"...  
SEREI UN MAL XESTOR PERO  
NINGUÉN ME PODE CRITICAR POR  
FALTA DE COHERENCIA.



José\_sarmento

© José Sarmiento  
**Cartonices**  
<http://opimpotho.no.sapo.pt>



Falaron tanto da caída  
das Bolsas en todo o mundo...  
Creeranme os rapaces  
se lles digo que me caeu  
a bolsa con todos os xoguetes  
no medio e medio do océano...?



leo\_massimino


e ti que?

se fas viñetas, caricaturas, tiras cómicas, banda deseñada...

**O FARELO** ofrécete un espazo para darte a coñecer

envíanos os teus traballos a [farelo@apeneira.com](mailto:farelo@apeneira.com)

arturo\_kemsch



martirena




PÁGINA ON-LINE: <http://opimpolho.no.sapo.pt> - BLOG: <http://sarmento-news.blogspot.com>

**● PIMPOLHO** □ DESENHO E TEXTO DE © José Sarmento • 714  
Aproxima-se um novo ano... .. carregadinho .. dos anos anteriores!!!...  
dos vícios e defeitos...





josé\_sarmento



vianko

raúl\_de\_la\_nuez



félix\_ronda

ares



# Venturoso 2010...



felix\_ronda



boligan



david\_vela

Todos os anos  
nestas datas sinto  
o mesmo baleiro...

...nostalxia...?  
Eres inmigrante...?



martirena

Non, o baleiro  
é no peto...  
Polos gastos...



ermengol



tomy



RAIMUNDO WALDEZ (BRASIL)




TURCIOS (ESPAÑA)



"SUSAN BOYLE", DE FRANCISCO CARLOS CAMPOS (BRASIL)



"OBAMA\* DE BOLIGAN (MEXICO)



JULIO ÁNGEL CARRIÓN (PERÚ)



"AMY WINEHOUSE", DE ELIZEU LIMA SILVA (BRASIL)

## V Salón de Humor de Paraguaçu Paulista, de Brasil

POR FRANCISCO PUÑAL SUÁREZ

A música é unha arte sensible, universal, do mesmo xeito que a caricatura. Por iso este ano, o V Salón de Humor de Paraguaçu Paulista, de Brasil tivo como tema central en dous das súas categorías a música e os seus intérpretes, aínda que tamén a crítica política e social tiveron espazo na súa convocatoria.

O tema da música está en consonancia coas realidades locais, xa que a cidade de Paraguaçu Paulista ten unha gran historia de músicos, compositores, intérpretes, orquestras e bandas - expresa Dénis Mendes de Moraes, organizador do evento.

Este ano o Salón, que se celebra no Centro de Convencións da cidade, con entrada gratuita, recibiu 1,385 debuxos procedentes de autores de 48 países. Para a exposición foron seleccionados 250 traballos. Todos os temas caben aquí, a exposición é ben diversificada -afirma Dénis.

A programación do Salón inclúe a actuación da Orquestra Bachiana Nova, así como a realización de talleres dedicados á caricatura, a ilustración e ao cómic.

O primeiro premio en caricatura persoal obtívoo o brasileiro Francisco Carlos Campos, coa súa obra dedicada á cantante inglesa Susan Boyle, todo un fenómeno mediático. Outros autores que obtiveron primeiros premios foron o inglés Ross Thomson, o brasileiro Fernando Aparecido Souza, entre outros.

Non podemos de deixar mencionar o debuxo de Boligán quen nos mostra ao presidente Obama pódose a máscara do Tío Sam, unha obra crítica, que a realidade demostrou moi certa, ao constatar o discurso justificativo da guerra do presidente norteamericano no premio Nobel, e na súa política de apoio ao golpe militar en Honduras, entre outras accións discutibles.

## Cen premios para Ares

POR FRANCISCO PUÑAL SUÁREZ

Co primeiro lugar alcanzado coa súa obra *Caperucitas* na IX Bienal Internacional da Caricatura de Teherán, Irán, o debuxante cubano Aristides Hernández, coñecido por Ares, obtén o premio internacional numero cen da súa carreira artística, e convértese no único debuxante iberoamericano en alcanzar esa cifra, seguido de preto por Angel Boligán, outro autor cubano residente en México. Esta é unha meta -afirma Ares desde a Habana- que certamente non me propuxen, pero máis que iso considéroo só como outro punto de partida para seguir facendo debuxos o mellor posible.

Nacido en 1963, Ares é un prestixioso debuxante que ademais é médico siquiatra, un factor que lle axuda a entender o complicado comportamento humano, e a analizar as contradicións actuais do mundo globalizado.

Comezou a debuxar en 1984 e o seu primeiro galardón a nivel internacional gañouno en 1985, e foi un premio especial no World Gallery

of Cartoons de Skopje, antiga Iugoslavia. Naquela ocasión o tema foi "Terrorismo", e era o primeiro evento internacional no que participaba.

O tema desta bienal era O medo, -di Ares-, e por pouco non envio ningún debuxo pero a última hora decidínome. Pensei moito no tema do medo e inevitablemente entre outras imaxes veume á cabeza a historia da caperucita vermella, pareceume un bo símbolo para falar do medo, o medo ao lobo como paradigma dos temores. O tema da caperucita foi moi trillado e o problema era entón como abordalo con orixinalidade. O meu pensamento -engade- foi levar a historia orixinal ao contexto do mundo en que vivimos agora, un mundo no que se están perdendo os medos aos poderes únicos, un universo no que a xente debil cada vez alza máis a súa voz e entón díxeme: por aquí vai a cousa, o lobo é o que ten medo agora. O outro foi crear o debuxo, compor a idea, situar os personaxes, darlle vida a esa unidade. O debuxo é técnica mixta sobre cartolina, de tamaño 30 por 40 centímetros. Utilicei tinta, acuarela, acrílico e vinte e cinco anos de experiencia -finaliza.





tomy

HONDURAS



román\_montesinos



## Valo dos laios

guisa e napo

